



POIO

A cultura vitivinícola dos mosteiros

A ruta comeza no concello de Poio. Partimos no noso percorrido do Mosteiro de Poio, onde podemos visitar unha das adegas e produtores da IXP Ribeiras do Morrazo que conta tamén con hospedería, polo que é un lugar privilexiado para aloxarse e gozar con calma deste itinerario.

A tradición vitivinícola do mosteiro vén de antigo e, entre os seus privilexios, estaba o dereito a vender o seu propio viño antes que os veciños o seu, para evitar que lle puidesen facer competencia.

Actualmente o Mosteiro de Poio produce os viños *Viñas de Monasterio Mencía* e *Viñas del Monasterio Albariño*. No mosteiro tamén merece a pena visitar o seu pequeno museo, o seu magnífico hórreo (un dos máis grandes de Galicia) e a súa magnífica biblioteca, que cuns 120.000 volumes é a biblioteca privada máis grande de Galicia.

O legado da tradición vitivinícola de Poio tamén o podemos rastrexar no conxunto histórico artístico de Combarro. Unha escapada moi recomendable como complemento da nosa ruta. A Casa da Biblioteca conserva un antigo lagar, testemuñando a importancia da produción de viño neste litoral atlántico de Poio, así como o papel das casas fortes labregas e dos pazos no cultivo da vide.

A presenza cultural do viño na vida de Poio abrangue tamén o mundo do patrimonio inmaterial. Cada 24 de setembro, coincidindo coa festa da Virxe da Mercé, celébrase na igrexa do mosteiro a "Misa da vendima". Durante a liturxia, dúas mulleres realizan unha ofrenda á Virxe cun cesto con produtos do campo en agradecemento polas colleitas obtidas.

Para aprofundar no imaxinario do pasado mariñeiro do concello recomendamos a visita á Casa Museo de Cristovo Colón, o famoso navegante "descubridor" de América que, segundo a tradición, naceu en Poio. Tamén é unha boa opción realizar unha excursión marítima á Illa de Tambo, lugar intimamente unido á historia, ás crenzas e aos mitos de Poio e da ría de Pontevedra.





Gastronomía

Non podemos abandonar o concello de Poio sen degustar nalgúns dos seus magníficos restaurantes unhas magníficas ameixas ou uns berberechos da ría, recollidos polas mariscadoras do banco de Lourido ou de A Seca. Non por nada, cada setembro se celebra en Campelo a Festa da Ameixa.



Que visitar?

Poio ofrécenos varias alternativas turísticas interesantes:

-  Visita á vila mariñeira de Combarro. Conxunto histórico-artístico
-  Visita Petróglifos de Montecelo de San Salvador (A Caeira)
-  O bosque de sequoias máis grande de Europa, coñecido como *Bosque de sequoias de Poio* ou *Bosque de Colón*.
-  A Casa Museo de Cristovo Colón.

Interactivo

Organiza a visita

Mosteiro de Poio
 Coordenadas: 42,446101, -8,685255
 Distancia dende Pontevedra: 6 km: 10 min



Sabías que?

Durante a Idade Media e nos primeiros séculos da Idade Moderna os mosteiros eran os únicos centros sanitarios para as aldeas e xentes do seu señorío. Entre os recursos naturais cos que contaban nestas boticas o viño ten importante protagonismo como compoñente de moitos xaropes, bebedizos e preparados curativos. Á parte dos famosos emplastos de viño, a uva e o seu mosto usáronse para confeccionar Espírito de viño rectificado, Alcohol de viño, augardente e vinagre branco e tinto, ademais de licores e marmeladas con diferentes froitas. quen queira rememorar este mundo de mosteiros pode achegarse tamén ao mosteiro de San Bieito de Lérez emulando o itinerario de Frei Martín Sarmiento polas marismas de Alba.



Ruta dos Viños
 OCEÁNICOS

